

**PINCHAR:** 1. Dar pinchos; pular, saltar, brincar, choutar, chimpar. 2...

**PINCHO:** 1. Acción de levantarse do chan impulsándose coas pernas; pulo, salto, brinco, chouto, chimpo. 2...


Hai usos de **pinchar** que son incorrectos; vexamos exemplos e propostas correctas.

- 1- Picarse, espiñarse,...Ex.: (~~Pincheime~~) Piqueime cos toxos.
- 2- Picar, inxectar Ex.: (~~Pincháronme~~) Puxéronme unha inxección ou picáronme unha inxección.
- 3- Espetar, cravar, chantar, espichar,... Ex.: (~~Pincha~~) Espeta a carne co garfo, antes de cortala.
- 4- Aguilloar, alentar, estimular, incitar, dar azos, picar... Ex.: (~~Pínchoa~~) Aléntoa para que estude.
- 5- Picar, amolar, mortificar, encirrar, provocar.. Ex.: Sempre anda (~~pinchando~~) provocando nel.
- 6- Pór ou poñer Ex.: (~~Pinchou~~) Puxo un disco moi bo.
- 7- Pór baixo escoita, facer escoitas. Ex.: (~~Pincháronlle~~) Puxeron baixo escoita o seu teléfono.
- 8- Furar, picar,... Ex.: (~~Pinchamos~~) Picamos a roda e temos que cambiala.
- 9- Fracasar, fallar,... Ex.: A empresa (~~pinchou~~) fracasou.
- 10- Picarse, xutarse, inxectarse. Ex.: Ese rapaz segue (~~pinchándose~~) xutándose.
- 11- Petiscar. Ex.: Leva (~~pinchando~~) petiscando toda a tarde.

Tamén a palabra **pincho** ten usos incorrectos; vexamos exemplos e propostas correctas.

- 1.- Petisco. Ex.: Após a inauguración serviron bebidas e (~~pinchos~~) petiscos variados.
- 2.- Espetada. Ex.: As espetadas de carne (~~os pinchos morunos~~) estaban moi picantes.

Espichamos o mapa no taboleiro?



Si, fagámolo axiña e imos comer a espetada que deixamos na grella

